

# MULLERES QUE BEN MERECEEN QUE AS COÑEZAS

O RUEIRO DE CARBALLO

Actividade baseada no libro Pioneiras



# NOMES DE HOMES ILUSTRES

---

## ESCRITORES

CELSO EMILIO FERREIRO  
CAMILO JOSÉ CELA  
EDUARDO BLANCO  
VICENTE RISCO  
MANUEL MARÍA  
EDUARDO PONDAL  
CARBALLO CALERO  
XESÚS SAN LUÍS ROMERO  
LABARTA POSE

## DOUTORES

DOUTOR FLEMING  
GREGORIO MARAÑÓN  
RAMÓN Y CAJAL  
JOSÉ MARÍA CASTRO VIEJO  
DOCTOR MIGUEL SERVET  
MÉDICO MANUEL REGUEIRA  
DOCTOR SEVERO OCHOA

## ALCALDES

ALCALDE ALCALDE PEINADOR,  
ALCALDE VAZQUEZ MOUZO  
ALCALDE CANDIDO GONZALEZ  
TIRAD  
ALCALDE RODRIGUEZ SESMEROS  
ALCALDE BOLÓN

## CIENTÍFICOS

MENDEL  
DARWIN  
RAMÓN Y CAJAL

## ARTISTAS

ISAAC ALBÉNIZ  
MANUEL DE FALLA  
PINTOR LUÍS SEOANE  
FOTÓGRAFO JOSÉ VIDAL  
GRABADOR MANUEL FACAL  
PASCUAL VEIGA  
PINTOR URBANO LUGRÍS

# NOMES DE MULLERES ILUSTRES

## ESCRITORAS

ROSALÍA DE CASTRO  
EMILIA PARDO BAZÁN  
CONCEPCIÓN ARENAL  
JUANA DE VEGA  
CLARA CAMPOAMOR  
LUÍSA VILLALTA  
MARÍA MARIÑO  
SYRA ALONSO  
SOFÍA CASANOVA

## DOUTORAS



## ALCALDESAS



## CIENTÍFICAS



## ARTISTAS

MARÍA CASARES  
MARUJA MALLO  
CAROLINA OTERO

## MAESTRAS

MARÍA BARBEITO

Se comparamos o número das rúas de Carballo con nomes de homes co número de rúas adicadas a mulleres:

- Cal é máis numeroso?
- Por que pensas que ocorre isto?

# PROPOÑEMOS NOMES DE MULLERES GALEGAS QUE BEN MERECEEN RECOÑECEMENTO

Valente

Intelixente

Forte

**COÑECES ALGUNHA MÁIS?**

Animosa

Valorosa

Intrépida

# Exeria

A PRIMEIRA ESCRITORA



## MÁIS FORTE CA TODOS OS HOMES

- Primeira muller escritora de toda a Hispania romana.
- Audaz e valente.
- Persoa curiosa que non deixaba de facer preguntas.
- Viaxeira incansable. Cruzou Europa e chegou a Exipto, Siria, Xerusalem,...
- Escribiu un libro narrando estes viaxes.
- Imaxinade a Exeria viaxando no século IV.

# Isabel Barreto

A PRIMEIRA ALMIRANTA



## GOBERNADORA EN TERRA, ALMIRANTA NO MAR

- Naceu en Pontevedra no ano 1567.
- Filla de familia rica de navegantes e exploradores.
- Puido aprender a ler, estudar e viaxar, cousa pouco común para as mulleres desa época.
- Dende Perú embarcouse co seu marido e organizaron unha expedición para colonizar as Illas Salomón.
- Durante a travesía morren o seu marido e o seu irmán e así Isabel convértese en Almiranta. Foi quen de chegar a Filipinas.
- Como viviría dentro dun barco de madeira esta experiencia?

# Isabel Zendal

A PRIMEIRA ENFERMEIRA EN MISIÓN INTERNACIONAL



## INFATIGABLE DÍA E NOITE

- Naceu en Ordes en 1773.
- Filla de labregos moi humildes
- Chega a Coruña para servir cando morre a súa nai, e comeza a traballar de axudantes na casa cuna coidando de nenas e nenos orfos.
- 1803 parte da Coruña a expedición Balmis para levar a vacina da variola a América e Filipinas e alí vai Isabel como enfermeira.
- 22 nenos e nenas viaxaron nesa expedición portando o antídoto contra a enfermidade.
- Isabel é a única enfermeira que coida dos nenos. Esta viaxe durou 10 anos pero Isabel xa non volve a Galicia.
- A OMS a recoñece como a primeira enfermeira en da historia en misión internacional.
- Que aventureira esta Isabel!

# Marcela e Elisa

A PRIMEIRA VODA ENTRE MULLERES



## UNHA VODA SEN HOME

.....

- Só querían estar xuntas desde que se coñeceron na Escola de Maxisterio de Coruña. Estaban namoradas.
- Querían casar e facelo pola igrexa e así Elisa se fixo pasar por home: cortou o pelo, vestiu garabata e traxe.
- Os veciños sospeitan delas, as delatan, e así teñen que fuxir a Portugal.
- A xustiza as persegue ata Porto e son encarceradas, pero moitas outras mulleres pelexan para liberalas.
- Finalmente escaparon a Buenos Aires e non se soubo máis delas.
- Conseguirían ser felices alí?

# Irene González

A PRIMEIRA FUTBOLISTA NUN EQUIPO MASCULINO



## FUTBOLISTA QUERO SER

- Foi a primeira muller que conseguiu xogar nun equipo de fútbol de masculino: O Orillamar da Coruña.
- Xogou de gardameta e foi capitá dando instrucións aos seus compañeiros de como xogar.
- Tivo que loitar contra os desexos da súa familia. O seu pai arrastrouna fora do campo nalgunha ocasión.
- No ano 1928 enfermou de tuberculose e aínda que fixeron partidos benéficos para axudala economicamente, morreu.
- Xogamos xuntos ao fútbol?

# Olimpia Valencía

A PRIMEIRA DOUTORA



## MÉDICA A PESAR DE TODO

- Naceu en 1898 en Baltar, Ourense.
- Sabía que quería estudar pero ás mulleres so lles permitían estudar Maxisterio.
- Olimpia quería estudar Medicina e matriculouse en Santiago. Tivo que loitar en contra dos prexuízos da sociedade que consideraba que non era un traballo de mulleres.
- Licenciouse en Santiago no ano 1925 cun expediente extraordinario, sendo así a primeira muller galega en obter a licenciatura.
- 1928 abriu a súa consulta en Vigo, ao principio tivo dificultades porque a xente non confiaba nunha muller pero o seu prestixio foi medrando e mantivo a consulta aberta ata o final da súa vida.
- Que intelixente e que loitadora é Olimpia!

# Ángeles Alvarino

A PRIMEIRA CIENTÍFICA NUN BUQUE  
DE INVESTIGACIÓN INTERNACIONAL



## O OCÉANO COMO PAIXÓN

.....

- Nace en Ferrol en 1916.
- Desde nena xa amosou moito interese polo mar, os animais, as plantas, a música,...
- Estudou Ciencias Naturais na universidade de Madrid.
- O océano é a súa paixón e especialízase no plancto.
- Foi a primeira muller científica en formar parte da tripulación dun barco británico de investigación.
- Participou en diversas expedicións a bordo de buques en Inglaterra, Estados Unidos, España e México.
- Descubriu 22 especies de organismos mariños e 2 exemplares de plancto levan os seus apelidos.
- Na actualidade un buque oceanográfico español leva o seu nome.

**“EU SON LIBRE. NADA PODE CONTER A MARCHA DOS  
MEUS PENSAMENTOS”**

**ROSALÍA DE CASTRO**